cREAgal

Exemplo dun debate e as súas partes

As viaxes de fin de curso

Introdución

Moderador: Boas tardes a todas e todos, benvidos ao debate de hoxe. Temos dous convidados especiais para discutir un tema moi relevante no noso centro: a viaxe de fin de curso. Dámoslle a benvida a Erea e a Fiz.

Erea, ti estás a favor da viaxe de fin de curso. Podes comezar coa túa argumentación.

Argumentación

Erea: Grazas, moderador. Creo que a viaxe de fin de curso é unha experiencia única e inesquecible para todas as persoas do centro. Vanse relaxar despois dun ano duro.
Moderador: Grazas, Erea. Fiz, a túa opinión é contraria a esta viaxe de fin de curso. Cales son os teus argumentos?
Fiz: Entendo a túa postura, Erea, pero creo que a viaxe de fin de curso pode ser unha distracción innecesaria para os estudantes. Ademais, non todos os estudantes poden permitirse o luxo de participar nestas viaxes.
Erea: Entendo as túas preocupacións, Fiz. Porén, creo que se pode atopar un equilibrio. As viaxes de fin de curso poden ser planificadas de maneira accesible e inclusiva para todos os estudantes.
Fiz: Aínda así, creo que deberíamos centrarnos máis en actividades educativas e menos en viaxes de lecer.
Moderador: Pasamos a continuación coas preguntas do público.

Preguntas do público

1. Pregunta para Erea: Podes dar algún exemplo de como se podería planificar unha viaxe de fin de curso accesible para todas as persoas?
Erea: Pódese ofertar unha viaxe na propia localidade ou próximas e aproveitar os recursos da comunidade.
2. Pregunta para Fiz: Poderías explicar máis sobre que tipo de actividades educativas propós en lugar da viaxe de fin de curso?
Xiz: Pois poderíamos organizar talleres con profesionais de diferentes campos, así proporcionamos unha oportunidade de que as persoas aprendan de maneira práctica e interactúen con expertos.

Conclusión

Moderador: Grazas a todas as persoas pola participación. Este debate demostra que hai moitas opinións diferentes sobre a viaxe de fin de curso. Calquera das opcións podería ser válida, así que votemos.

"Exemplo dun debate e as súas partes", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0